



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 4/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

En Ordes, a vinte e cinco de abril de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D<sup>a</sup>. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D<sup>a</sup>. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D<sup>a</sup>. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLVERDE REY
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D<sup>a</sup>. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

## 1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ás actas das sesións ordinarias de datas 29 de febreiro de 2024 e 4 de abril de 2024, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 29 de febreiro de 2024, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

Seguidamente intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que na acta da sesión ordinaria do Pleno de data 04/04/2024 aprecia os erros seguintes:

### **Punto 6º da orde do día: Mocións.**

#### **Moción grupo político BNG. Sistema VIOXEN:**

Onde di:

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

.../...

Debe dicir:

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

#### **Moción grupo político BNG. Procesos de concentración parcelaria**

Onde di:

.../...

Intervén a Sra. Vidal Ríos, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

.../...

Debe dicir:

.../...



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 4 de abril de 2024, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coas correccións sinaladas polo Sr. Vidal Ríos.

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se da conta de ningunha actuación municipal.

### 3. ASIGNACIÓN DE NOME A UN TRAMO DE VIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Expediente de asignación de nome a un tramo de vía de titularidade municipal (**Expdte. 2024/X998/000208**).

Visto que no concello de Ordes existe un vial de titularidade municipal, na súa maior parte asfaltado, co seu inicio en solo clasificado como urbano polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ordes e no resto como solo de núcleo rural común.

O vial que se pretende nomear parte da rúa Piñeiro e diríxese ata o núcleo do Piñeiro, nunha lonxitude aproximada de 162,45 metros.

Ao longo deste vial existen, na actualidade, catro vivendas. Nunha delas reside unha persoa con dependencia.

Debido á existencia de tres núcleos rurais nomeados como "Piñeiro", nesta zona ocasiónase un problema coa ubicación e dificultades de localización para ambulancias e outros servizos públicos. Esta situación púxose en coñecemento do concello e para poder poñer solución ao citado problema de interese público e social, preténdese dotar ao citado vial dun nome, ata a zona indicada nos planos que se xuntan, que é a zona ata onde é posible a construción de vivendas unifamiliares.

O nome escollido é "rúa do Buxo" para manter a continuidade de nomes de rúas próximas (rúa do Castiñeiro e rúa do Freixo).

Enténdese que, con esta medida, a ubicación das vivendas quedará claramente indicada e evitará problemas e complicacións aos veciños residentes da mesma, que na actualidade sofren a cotío.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que todo o que sexa facilitarlle a convivencia aos veciños será benvido.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van a votar favorablemente este punto. na Xunta de voceiros informóuselles que despois se lle vai a notificar a google para a súa incorporación ao rueiro. Gustaríalles que tamén se lle notificase aquela petición que fixeron en novembro de 2021 de intentar modificar as denominacións das rúas para respectar a toponimia que temos no noso concello, incluso o nome do noso concello Ordes en lugar de Ordenes e intentar solucionar tamén outras rúas que aparecen como camiño B, camiño C, camiño D na zona do Vilar. Aproveitar a ocasión para intentar solventar estes problemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto máis que un problema de Google é un problema de Catastro. Google traslada as denominacións do Catastro. Todo isto se llo pode enviar ao departamento de informática nun correo para que faga a comunicación e ver se conseguimos que fagan ambos cambios.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Nomear como rúa do Buxo á parte da rúa Piñeiro que se dirixe ata o núcleo do Piñeiro, nunha lonxitude aproximada de 162,45 metros, segundo o plano de delimitación que obra no expediente.

#### **4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### **5. MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O pasado 1 de abril publicábase no BOP a convocatoria de axudas para a natalidade do Concello de Ordes que conta cunha partida de 24.000 euros.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Nas bases, establécese que a cantidade individual das axudas será de 250 € (300,00 € no caso de acreditar a discapacidade do/a menor) por cada fillo/a nado durante o ano 2023.

Deste xeito, os/as menores candidatos/as a recibir dita axuda cumpren o seu primeiro ano de vida durante este ano, o 2024. É coñecido por toda a comunidade que a certificación da discapacidade é un proceso longo que contempla listas de agarda para a primeira valoración de ata dous anos. Ademáis, no caso de crianzas de tan reducida idade é probable que os primeiros síntomas e signos de alarma non aparezan no momento de nacer, se non meses despois, dilatando esta circunstancia o inicio do trámite de solicitude de discapacidade.

As familias que teñen a cargo un/unha menor con dificultades no seu desenvolvemento, aínda sen ter discapacidade recoñecida, enfróntanse a retos económicos mensuais desmesurados por ter que cubrir os gastos de terapias e desprazamentos a servizos sanitarios. En moitas ocasións, un dos proxenitores incluso reduce a súa xornada laboral para poder atender axeitadamente as demandas familiares.

Por outra banda, cabe sinalar que na citada convocatoria non se expón ningún requisito económico para acceder ás axudas ou para establecer unha orde de preferencia.

Tampouco se ten en conta ningún outro criterio de vulnerabilidade familiar como a condición de discapacidade dalgunha das persoas do núcleo familiar ou a situación de desemprego.

As condicións expostas indican que dita convocatoria non se basea no principio ético de equidade que plantexa a cobertura das necesidades e defensa dos intereses das persoas que se atopan en desvantaxe.

Polo que, o grupo municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

1. Contemplar nas seguintes convocatorias de axudas á natalidade criterios económicos para acceder a dita axuda establecendo un máximo de 35.000 euros anuais por núcleo familiar.
2. Priorizar como beneficiarios de dita axuda aqueles núcleos familiares nos que algunha das persoas que o conforman teña acreditada discapacidade ou se atope en situación de desemprego.
3. Priorizar os casos de familias monomarentais/monoparentais.
4. No caso de que o/a menor presente algunha dificultade no seu desenvolvemento aceptar: (i) certificación de discapacidade ou, no seu defecto (ii) informe pediátrico do Servizo Galego de Saúde ou dun servizo de atención temperá da Rede Galega de Atención Temperá que acredite a necesidade de apoios”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, para explicar o voto en contra da urxencia da moción.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, que solicita que ao non admitirse a urxencia da moción, na explicación do voto en contra non se faga ningunha alusión ao contido da mesma.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que sen opoñerse a algunhas das cousas que din na moción coas que están de acordo. Non aceptan a urxencia da moción pola propia natureza das axudas e o seu obxecto. Non están a falar do mesmo. Estas axudas concédense para potenciar a natalidade, como sinalan as propias Bases reguladoras son unha medida complementaria de apoio ás unidades familiares do concello de Ordes. Estas axudas son un humilde mecanismo, pequeniño, para fixar poboación como fan a maioría dos concellos de Galicia. Igual que as deducións en renda que lle fan a todo o mundo durante os tres primeiros anos de vida dende a facenda estatal. Son para todo o mundo por igual, so polo feito de nacer en Ordes. Se introducimos un criterio de discapacidade que se detectan no momento de nacer. Os concellos non temos competencias delegadas para facer isto, temos que solicitar autorización para conceder este tipo de axudas. Para ter en conta todo o que din na moción a Xunta e o Estado teñen recursos. A Xunta ven facendo un considerable desembolso nas axudas á natalidade, tarxetas benvinda, gratuidade escolas infantís, apoio ás familias monoparentais. Nestes casos si se teñen en conta os indicadores que mencionan. O Estado ten axudas para a infancia do IMV. No caso dunha discapacidade recoñecida hai prestacións por fillo a cargo, acceso ao sistema para atención á autonomía e dependencia, bono coidado, ...etc. todo isto xa o están a prestar as entidades competentes Xunta e Administración do Estado. As axudas do concello son para todos por igual polo mero feito do nacemento, non esixíndose ningún criterio económico ou de vulnerabilidade, son para todos os nados en Ordes que vaian a seguir empadroados durante tres anos. Tamén para que eses cartos revertan un pouco no comercio de Ordes.

### 6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Este grupo político recibiu queixas polo estado da fonte da Javia (Barbeiros). En concreto, manifestan que o acceso á fonte se atopa en moi mal estado.

Cómpre salientar que é unha fonte moi apreciada pola veciñanza de Barbeiros e outras parroquias. Esta é usada, en moitas ocasións, por xente maior da contorna.

Ademais, no inverno o camiño que leva a dita fonte convértese nunha lameira.

Solicitamos:

Que se proceda á execución dun acceso axeitado e seguro á fonte.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Que se acondicione a zona para facilitar a recollida de auga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa foi falado cos veciños, coa Asociación de veciños e non é viable. Está nunha finca privada, non se pode actuar con diñeiro público. Hai outros mecanismos para poder actuar como fan noutras parroquias coas fontes particulares. Hai cartografía que o acredita.

- A veciñanza e persoas usuarias da pista que une A Bailia e Areosa (Leira) quéixanse polo estado do pavimento, especialmente no tramo que se atopa preto da Bailía. O tramo está completamente bacheado e en algúns puntos existen fochancas con ausencia total do asfalto facendo moi perigosa a circulación por dita vía. Débese ter en conta que é unha via moi concorrida polo persoal traballador da zona.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Amañar dita pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta pista non é pública, é unha propiedade privada de Naturgy. Foi requirida o 10 de xaneiro de 2024 e novamente o 16 de abril de 2024. Tanto Gesuga, Areosa e Sogama, concello de Ordes e Cerceda colaboran habitualmente con Naturgy no bacheo. Non se pode facer un arranxo propiamente dito por que non é unha vía pública.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A barreira situada na nova Oficina Rural atópase estragada, cos compoñentes oxidados á vista e ao alcance de calquera persoa.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se amañe a barreira do aparcadoiro da Oficina Rural.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é propiedade da Xunta de Galicia.

Intervén a Sra. Rivadas López, que pide que se lles de traslado do rogo entón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se este é un rogo distinto, tómase en consideración.

- A senda que se estende pola marxe dereita da estrada AC-524 atópase en malas condicións por falta de limpeza, tal e como se pode apreciar nas imaxes. Esta condición é aplicable, tamén, á varanda que se instalou nalgúns puntos de dita senda.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se efectúen as debidas tarefas de limpeza.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que se lle deu xa traslado á empresa para que realice as tarefas de limpeza.

- Moitas marquesiñas situadas nas parroquias precisan ser limpadas xa que, nesta época do ano, acumulan gran cantidade de sucidade.

É o caso da marquesiña situada na Portela (Leira), da que achegamos imaxe.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se limpen as marquesiñas que o precisen.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mesmo que no rogo anterior, tamén se lle dará traslado á empresa para que procedan á súa limpeza. Esta faise xusto antes de empezar o curso, pero se fai falta farase de novo.

- A beirarrúa que se atopa a carón do aparcadoiro do Campo da Feira está totalmente estragada, desprendéndose partes de formigón á vía de circulación.

Ademais, a zona presenta varios tubos e atópase nun pésimo estado de conservación en consonancia co feísmo co que estamos acostumados a convivir en Ordes.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda ao arranxo da beirarrúa e á retirada de restos da vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- Unha usuaria do centro sociocomunitario Isabel Zandal indícanos que un dos baños adaptados se usa a modo de almacén impedindo o fin para o cal foi deseñado. Cabe sinalar que dita zona se atopa aberta ao público.

Este feito sorpréndenos xa que un edificio de recente construción debería contar con áreas de almacenaxe. Ademais, isto supón unha falta de respecto e sensibilización cara as persoas usuarias que precisan utilizar baño adaptado.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se retiren todos os elementos que obstaculizan o uso do baño adaptado

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que o baño ao que se refiren non é unha área aberta ao uso público. Na porta indica persoal SAT. Trátase dun baño de uso privado do persoal do SAT, que ademais do seu uso para mudarse, tamén se usa a diario para lavado e desinfección de xoguets que é o que indica a normativa despois de cada sesión. Tamén se procede ao almacén do material necesario para interactuar cos nenos, así como materiais de limpeza. Hai un baño para os usuarios do SAT enfronte, e dous baños por planta todos eles adaptados en todo o edificio. A falta de respecto é que se acceda a unha área privada sinalizada e se fagan fotos.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que se é unha área de uso privada debería estar pechada.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que está pechada e cun cartel na porta, outra cousa é que nun momento puntual estando ocupado o outro baño se permita a súa utilización.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No Camiño de Vilar, nas coordenadas 43°04'28.2"N 8°24'26.7"W, existe un espello viario para facilitar a visibilidade na curva, que se atopa roto dende fai tempo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A reparar dito espello para mellorar a seguridade do tránsito na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle deu traslado onte á Brigada municipal de obras.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na aldea de Fosado, na parroquia de Montaos, nas coordenadas 43.04037,-8.44327, existe unha abertura na estrada, que co paso do tempo foi creando un burato que xa comeza ser importante, facendo que sexa un prexuízo para os coches que por aí pasan e que co paso do tempo, se irá agrandando.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se arranxe esta abertura na vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que semella que é unha reposición dunha acometida de abastecemento da que xa se deu traslado a Espina y Delfín para o seu arranxo canto antes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, fixa as condicións mínimas de calidade, funcionalidade, seguridade, salubridade, accesibilidade e sustentabilidade das edificacións e vivendas. Este decreto foi obxecto de diversas modificacións, a última a través do Decreto 128/2023, do 7 de setembro, vixente desde o 15 de outubro do ano 2023.

Desde o goberno galego anunciábase esta última modificación como “o decreto que facilita a conversión de baixos comerciais sen uso en vivendas”, mais o certo é que na grande maioría dos casos, nada cambiou, posto que o principal impedimento radica nas esixencias relativas á protección de vistas.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Por exemplificar a situación, mentres que por unha banda a altura máxima do antepeito das xanelas medida desde o chan da vivenda é de 1,10 m, para dar cumprimento á existencia de protección de vistas desde a rúa, as xanelas deberán estar situadas como mínimo a 1,80 m desde a beirarrúa (polo que o baixo debería estar elevado cando menos, 70 cm sobre a beirarrúa). Outra opción sería dispoñer dunha franxa de terreo de 2 m de fondo de uso privativo da vivenda entre a fachada na que se sitúan os ocós e a beirarrúa, o cal na meirande parte dos casos tampouco é posible.

Para poder modificar ou eliminar as determinacións establecidas nas NHV relativas ás condicións de protección de vistas desde as rúas, prazas e espazos libres públicos, sería preciso tramitar un anexo de habitabilidade, tal e como se recolle no artigo 19.2.b).

Con isto, non queremos dicir que non deban existir unhas mínimas condicións de protección de vistas desde o exterior, nin que tódolos baixos teñan que ser aptos para ser transformados a vivenda se non reúnen as características precisas para elo.

Mais si entendemos que poden existir determinadas rúas ou áreas nos dous cascos urbanos do noso concello, nos que a implantación de actividades comerciais ou hostaleiras nos baixos, actualmente semella pouco probable, polo que na vez de dispor de baixos sen uso e abandonados, podería resultar interesante flexibilizar as condicións de protección de vistas coa tramitación dun anexo de habitabilidade.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A convocar unha comisión informativa de urbanismo, coa presenza dos servizos urbanísticos municipais, para explorar a posibilidade de tramitar un anexo de habitabilidade no noso concello, sobre as áreas ou rúas do casco urbano de Ordes e do Mesón do Vento, nos que modificar ou eliminar as condicións de protección de vistas desde as rúas, prazas e espazos libres públicos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa é un traballo que está en marcha dende fai semanas. O 29 de febreiro de 2024 recibiron do IGVS como levar a cabo o procedemento para a regulación do art. 19 das NHV. A arquitecta municipal e a asistencia técnico urbanística están a traballar. Non se vai a convocar de momento ningunha comisión informativa, vaise esperar a que se faga o traballo, despois verán como se procede. É un compromiso do seu programa electoral.

- A pista que comunica o núcleo de Vilaverde co núcleo de O Piñeiro (Mercurín), contén tramos que presentan un estado bastante deteriorado, con fochancas de notables dimensións.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Que se proceda ao arranxo dos tramos deteriorados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha pista como outras se repasa todos os anos. Xa é coñecida polo departamento de medio rural. Vai a seguirse o protocolo de traballos habitual.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Na pista que comunica o núcleo de A Castiñeira (Ordes) coa parroquia de Pereira nas proximidades do núcleo de A Rúa – Peceníñ, existe unha estación de bombeo da rede de saneamento.

Seguindo o camiño, un chisco mais abaixo da citada estación, atópase un conduto que verte augas á pista.

As augas van circulando pola pista, provocando diversos estrago e erosións, chegando incluso a formar asolagamentos nalgunha zona.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Que se efectúen as investigacións precisas para determinar se as citadas augas proceden da estación de bombeo, así como unha análise das citadas augas.

A tomar as medidas precisas para evitar que estas augas sigan a provocar estragos no camiño, procedendo ademais co arranxo das zonas deterioradas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se trata de augas residuais, tampouco coas obras de abastecemento que se acometeron ali na zona da Castiñeira. Está a policía local tratando de averiguar de donde proceden estas augas.

- Tal e como están marcados os postos da feira de Ordes, nalgúns casos tapónanse os elementos que dotan de accesibilidade á beirarrúa.

Por exemplo, na seguinte imaxe é posible apreciar como o paso de peóns elevado resulta interrompido por un posto, impedindo o acceso á beirarrúa a persoas con mobilidade reducida.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A efectuar unha revisión da situación dos postos da feira, co gallo de evitar este tipo de situacións e mellorar as condicións de accesibilidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que partir dunha convivencia dos postos e os clientes, o feito de que non hai tráfico neses días. É a policía a que vela pola correcta colocación dos postos. Xa lle foi trasladado o seu rogo ao oficial para que teña en conta se é viable facer algún tipo de alteración.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O R.D. 1056/2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida indica, no seu artigo 5, que os principais centros de actividade dos núcleos urbanos deberán dispoñer dun



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

mínimo dunha praza de aparcamento reservada e deseñada para o seu uso por persoas titulares de dita tarxeta.

No Concello de Ordes, segundo a modificación da ordenanza da normativa xeral de tráfico, circulación vehículos a motor e seguridade vial (BOP, número 96 publicada o 23 de maio de 2018) establece que os principais centros de actividade son os seguintes:

### ORDES

- Entorno do Campo da Feira.
- Entorno do Centro de Saúde.
- Tanatorio e Cemiterio de o Valado.
- Entorno da Alameda e dos parques municipais.
- Entorno da Casa da Cultura.
- Inmediacións dos centro de ensino.

### MESÓN DO VENTO

- Entorno do Campo da Feira.
- Entorno da nave da Feira.
- Inmediacións do Colexio.

A día de hoxe, podemos comprobar que non existe praza reservada no entorno da Casa da Cultura.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por qué non existe dita praza?.

¿Que criterios se tiveron en conta para asignar os principais centros de actividade?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si é certo que esa praza está pendente. No pleno do 5 de decembro de 2017 aprobáronse os criterios coas indicacións do Secretario. Na propia acta faise unha referencia as Directivas europeas sobre fixación dos centros de actividade. Hai un erro na publicación no BOP da modificación da ordenanza que non inclúe a Cidade deportiva de Vista Alegre que si conta coas prazas. Hai esa carencia. Unha vez se remate a obra de humanización tras as obras da nova escola infantil espera que quede definido ese espazo.

- A veciñanza do Piñeiro (Mercurín) indica que o servizo de recollida de obxectos voluminosos leva meses sen operar na zona. Así, varios veciños desprazaron os obxectos ao punto limpo persoalmente xa que levaban moito tempo acumulándose ao lado dos contedores.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por qué non está funcionando o servizo de recollida de voluminosos na zona?.

¿Tiña coñecemento o goberno local desta situación?.

¿Esta situación estase a dar tamén noutras zonas do concello?.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que hoxe cando lle consultou á empresa si lle pasou os informes si que pasan a recollelos. Puido suceder que este luns non lle deu tempo a recollelos todos e pasaron o martes. Se os aparellos non están cerca do contedor non os recollen para evitar confusións. Hai un teléfono a disposición dos veciños para que pasen a recollelos.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que pasaron dous meses, situáronse os voluminosos o día de recollida e non pasou ninguén. Daráselle traslado aos veciños do teléfono de contacto.

- No mes de outubro, o PSdeG-PSOE de Ordes presentou unha moción para solicitar á Consellería de Sanidade a instalación dunha unidade de radioloxía no centro de saúde de Ordes. O goberno municipal rexeitou dita moción asentándose no argumento de que a pilotaxe dun servizo de radioloxía móbil cubriría as necesidades das persoas usuarias e permitiría, incluso, atencións no domicilio.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿A día de hoxe, en cantas ocasións se desprazou dita unidade ao centro de saúde?.

¿Cantas persoas de Ordes se puideron beneficiar do servizo de radioloxía no seu domicilio?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que no mes de outubro anunciouse esta unidade móbil de radioloxía que se desprazará aos centros de saúde da área sanitaria. Hai un descoñecemento do que é un proceso de contratación, do tempo e prazos que conleva. Primeiro o proxecto que se presentou en outubro tivo que se aprobado polo Ministerio, tras a súa aprobación foi adjudicado o 29 de novembro de 2023, o contrato formalizouse o 27 de decembro de 2023. A empresa ten seis meses dende a sinatura do contrato para a súa execución. É unha compra innovadora por que a unidade móbil non existe no mercado. Hai que fabricala á carta como se dixo en prensa no momento do anuncio desta unidade móbil. De momento ningún paciente se beneficiou desta unidade.

- En anteriores ocasións, O PSdeG-PSOE de Ordes reclamoulle ao goberno municipal revisar o estado dos contedores nas inmediacións de Alfonso Senra xa que algúns estaban estragados e sen tapa.

A día de hoxe, a situación segue a ser a mesma, podendo observar as tapas dos contedores tiradas e sen ser substituídas.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Xestionouse a reparación/substitución de ditos contedores?.

¿Por que a situación segue a ser a mesma, meses despois de ser posta en coñecemento do goberno municipal?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que foi un erro seu que non lle deu traslado á empresa, pídelle desculpas.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A veciñanza de A Chan (Santa Cruz de Montaos) indica que a pista que une dito lugar con Oroso se atopa moi deteriorada, tal e como se pode apreciar nas imaxes.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Está prevista algunha actuación na citada pista?.

¿De ser así, abarcaría toda a extensión da vía, ata o linde co Concello de Oroso?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a día de hoxe teñen valoradas actuacións pendentes no termo municipal por importe de cincuenta millóns de euros. O importe desta actuación é de 32.000 euros. Abarcaría o acceso á Granxa como a comunicación coa estrada que vai a Fosado como o entronque co límite co concello de Oroso, faría unha T.

- Recentemente remataron as obras de rehabilitación do local social da Bailía (Leira).

Segundo unha publicación recente, o goberno local afirma que este tipo de actuacións teñen como obxectivo fixar poboación na zona. Cómpre lembrar que neste local non se desenvolve, a día de hoxe, ningunha actividade ou encontro organizado ou fomentado polo Concello de Ordes.

É polo que preguntamos ao Concelleiro delegado de obras, infraestruturas e mobilidade cidadá:

¿Qué relación existe entre a fixación de poboación desta zona coa rehabilitación dun local social sen dinamizar?.

¿Pode chegar algún indicador que permita confirmar a relación positiva destas actuacións coa fixación de poboación?.

Intervén o Sr. Cabeza Fraga, concelleiro delegado de obras, que sinala que aclara en primeiro lugar que o goberno local non afirma nada confúndese atribuíndo esa expresión intencionadamente de acordo ao contido da nota de prensa difundida por Medio Rural trala visita da Directora Xeral de Agader en datas recentes. Desde o goberno local teñen claro que é un ben público a conservar. Que os veciños da zona viñan demandando o seu arranxo como unha necesidade que calquera podía observar. Onde teñen oferta de actividades municipais no caso de crearse un grupo como en calquera outra parroquia ou lugar. A través de tres liñas de axudas da Xunta de Galicia lograronse os fondos para arranxar o local polo exterior e polo interior, ademais crear un pequeno parque infantil. Se ten algunha dúbida da mellora conseguida o mellor é que falen cos veciños da zona. Se se da unha palabra é un compromiso, a súa obriga é a de rehabilitación deste local, que é un exemplo do feito ao longo destes anos. En relación ás súas preguntas está seguro que non pode chegar ningún dato que diga o contrario ao que se formula. Dan por bos todos os criterios da Xunta de Galicia ao financiar actuacións deste tipo. Axudas que solicitan cada ano e conseguiron en varias ocasións e seguirán solicitando para arranxar outros locais sociais, a pesar de que semella que non lle gusta moito o resultado final, máis ben parece que teñen moita carraxe de que os veciños poidan desfrutar de un local digno e comfortable.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A obra de ampliación dos vestiarios do campo de fútbol de Santa Cruz de Montaos, que foi adxudicada en 134.500,00 euros, vai ter como resultado dous novos espazos de vestiario con capacidade aparentemente para 6 persoas segundo se pode apreciar no espazo de bancos que se reflicte na documentación gráfica do proxecto.

Isto da como resultado que un mesmo equipo de fútbol, lembramos que contan con 11 xogadores/as titulares mais suplentes (convocatoria de 16 persoas), non pode compartir o mesmo vestiario por falta de espazo, ou ten que facer un uso do mesmo por quendas.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Por qué motivo o goberno local decidiu que logo dunha obra nova se tivese este resultado, na vez de apostar por acadar uns vestiarios de tamaño axeitado?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como di aparentemente é un proxecto, outra cousa é a execución. Non vai a negar que poderían ter un metro máis cada vestiario, que sería o idóneo. Cada un deles vai a quedar habilitado con catorce asentos e nove duchas como esta documentado aí, que será suficiente para atender as demandas dos equipos de fútbol.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Unión Fenosa Distribución (UFD), levou a cabo unha serie de obras para a construción dun novo centro de transformación en A Espenica de Arriba.

Durante as obras, procedeuse á apertura dunha gabia desde o encontro da rúa García Gerpe coa estrada DP-3802 (Ordes a Pontecarreira), ata a situación do novo centro de transformación, a cal quedou formigonada a nivel coa rasante da pista.

Non resulta de recibo, que logo de investir cartos públicos no arranxo dunha pista pavimentada con aglomerado, presentando un bo estado de conservación, a apertura dunha gabia deixe este resultado.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Este vai ser o resultado definitivo da obra?.

¿Por qué motivo non se procedeu co fresado no trazado da gabia, formigonando logo ata a base da zona aglomerada para posteriormente cubrir a zona afectada con aglomerado? (como aparentemente se vai a proceder nas rúas Casabella e do Camposanto).

¿Vaille esixir o goberno local a Unión Fenosa Distribución, a axeitada reposición do estado previo da vía pública?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha obra que está sen rematar, non é o resultado definitivo. Vai a botárselle unha nova capa. No seu día o acordo foi deixar a capa de formigón ao nivel da capa de aglomerado que se botou recentemente. Ten uns tempos de maduración para poder botar a nova capa de aglomerado para que non volva a romper. Hai que agardar a eses tempos que indican os técnicos. A continuación botarase unha nova capa



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de aglomerado en toda a traza. É un acordo con UFD e está avalado pola asistencia técnica municipal. Neste caso é botarlle 3 cm máis, en lugar de fresados ou pequenos cortes.

- No pleno ordinario do mes de setembro de 2023, este grupo municipal presentou un rogo para incrementar a dotación de estacionamentos accesibles na contorna do centro de saúde e do PAC.

A resposta do alcalde foi que “se toma en consideración, require un estudo de tráfico pola policía local e verase o resultado”.

Por outra banda, segundo o disposto no artigo 35 da Orde TMA/851/2021, as prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida deben ter as seguintes características:

Dispor dun vado cunha anchura mínima e libre de paso de 1,20 m, cuxas características se axusten ao disposto nos artigos 11 e 20 da Orde.

Contar cunhas dimensións mínimas de 5,00 m de longo e 2,20 m de ancho.

As prazas dispostas en perpendicular ou en diagonal á beirarrúa deben contar cunha zona de aproximación e transferencia lateral de lonxitude igual á praza e ancho 1,50 m. Sobre a beirarrúa posterior tamén existirá unha zona sen obstáculos de igual ancho á praza e cunha profundidade de 3 m.

As prazas dispostas en liña deben contar cunha zona libre de obstáculos para aproximación e transferencia posterior, con anchura igual á praza e cun longo mínimo de 3,00 m. Sobre a beirarrúa lateral tamén existirá unha zona sen obstáculos de igual longo á praza coa súa zona de aproximación e transferencia, cun ancho mínimo de 1,50 m.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Cal foi o resultado do estudo de tráfico da policía local sobre o incremento da dotación de estacionamentos accesibles na contorna do centro de saúde e do PAC?.

¿Quen é a persoa encargada de velar por dar cumprimento ao disposto na Orde TMA/851/2021 sobre as características que deben cumprir as prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida?.

¿Por qué as prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida en Ordes non contan con vados para acceder á beirarrúa nas zonas de aproximación e transferencia (lateral ou posterior)?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o punto primeiro foi encargado no seu momento. Cando se fai este tipo de accións coordinadas coa policía local trátase de ser o máis ambicioso posible. Está en trámite. Non so se pediu a análise do centro de saúde, senón todo o casco urbano de Mesón do Vento e os pasos de peóns para un estudo de accesibilidade a mellorar nos vindeiros anos. Non hai un resultado concreto, está sen concluír. A dirección de obra facultativa e a policía local, tamén o goberno municipal tratan de estar pendentes. As obras que se foron facendo nos derradeiros anos si teñen esas zonas de tránsito que entende están adaptadas todas elas á normativa. Hai outras prazas que pode non estean, especialmente nas zonas de tránsito para poder subir á nova beirarrúa cando hai desnivel. Isto non está executado aquí nin nos concellos BNG dos que presume moitas veces. Hai que seguir traballando. Vai a irse facendo melloras segundo se poida.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Cando se produce unha corta en parcelas de titularidade municipal, ben sexa a través dos obradoiros de emprego ou noutros traballos de mantemento.

¿Que tratamento se lle da habitualmente a esa madeira?.

¿Teñen algún procedemento para avisar á veciñanza, de xeito que calquera persoa interesada poda levala para empregar como combustible en caldeiras de leña?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é algo que fai directamente o Obradoiro, especialmente a dirección e os mestres. Cando algunha xente ten chamado ao concello derivase ao director do Obradoiro ou aos mestres. Onte preguntoulle e díxolle que o mecanismo que mellor se da é o da pilla pillota, traballan pola mañá e pola tarde desaparece a leña que ten aproveitamento sen que pregunte ninguén. Se hai xente que se achega por alí chegan a acordo, pero aproveitan a que é mellor. Se é de carballo interesa, se é de outro tipo de frondosas que ten pero rendemento ou conservación non interesa e acaba quedando desperdigada tendo que proceder ao seu desbroce. Se alguén esta interesado pode poñerse en contacto co Concello, co Obradoiro e non terá problema en acceder á madeira en igualdade de condicións que calquera outro veciño.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e vinte e un minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO  
Juan Luis González Iglesias